

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Núm. 35

A CRUÑA 30 D'OUTONO DE 1917

A TÁITICA GALEGUISTA

IRMANS, A VOTARE...

ESTAMOS no período eleitoral. Coase en visperas d'eleicións municipás. Chopen candidatos que da xenio. Soan nomes e nomes. Os nacionalistas galegos da Cruña tiñamos mentes d'irmos ó conqurimento d'un acta. Disistimos do propósito porque, tras moito meditalo, atopámonos con que inda non temos organizaciós axeitadas e corríamos o perigo de sufrirse un triste fracaso. E mais é lástema. Porque un bõ concexal nazonalista no Municipio cruñés faría un papel exemplar. Traguería a nova da espresión das arelas da cidadanía, no instrumento da nosa fala, que é a nosa alma. Traguería o xeito sempre valente e erguido da protesta ruda contra as imposicións do caciquismo centralista que teñen o seu cume nos alcaldes de R. O., sendo coma abreviatura das ansias rexionás e coma pedra de toque pr'ós abusos do arrivismo que fai dos galegos desleixados os piores inimigos da Patria natural. Un concexal nazonalista na capital oficial de Galicia, tería de sere algo froitífero n'ista hora de renovación e de podre ó mesmo tempo. E com'a Cruña da exemplo pra moitas cousas ós mais pobos da rexión, ó plasmare na realidade o novo estado político, quedaría aberta unha fenestra pol-a que chegarían á cidade frívola, os ars enxebres, os ars da raza, nos que latecan cantos problemas vivos de Galicia están aínda coase inéditos. A trascendencia ño noso propósito ven nos decatades que era fonda. Velahí. Mas tras tempos, tempos veñen. Que, se non a Cruña, outros pobos gale-

gos terán quizais axiña concexales nazonalistas.

E xa que nós non persentamos candidatos, ¿a cales candidatos debemos ollar coma dinos d'apoio?

Dirémolo con enteira sinceiridade. Nós,

¡Loitadores da Terra,
xa comeza a batalla!
As campás, a rebato
por cumios e chanzadas,
ós bos e xenerosos
con irtas voces chaman.
Nas estreitas congostas
e largazías gandra,
no pinal fungadore
e nas soantes prayas,
oíse o batido tráxico
das fouces e bisarmas;
y-aquês doridos layos
das gorkas abafadas,
xa son trunfales hinos
qu'á nova seifa xubilosos cantan.

¡Loitadores da terra,
xa comeza a batalla!
A voz afouta e rexa
que por nosoutros chama,
he o berro arelante e guerreiro,
da terra asoballada.

Os tempos son chegados,
das esgrevias cruzadas,
van comezal-os feitos
qu'os bardos anunciaran.
A loita será longa,
a contenda afinzada
n-ela cairán-os corpos
e sangaran-as almas.
¡Ai d'aqueles treidores
xordos á voz da raza!
¡E tamén ai d'aqueles
enemigos da Matria,
que cobardes deserten
no valvor estrondoso da xornadal

¡Loitadores da terra,
xa comeza a batalla!
Contai ca miña vida.
¡Ouh si soya abondara
Pra facere unha terra ceibe e rica
Da miña probe terra asoballada!

VICTORIANO TAIBO.

Compostela, Outono, 1917.

os nazonalistas galegos, os rexionalistas, os irmáns na fala, temos o sagro deber de concencia de darlles o noso voto a aqueles candidatos que garden menos relacións co'as oligarquías centralistas; a aqueles que non teñan miga de contaoto c'os políticos de Madri. Ensaminade nomes—fixaivos nos homes—pra non caere en engados.

Rídevos dos que en xeito de «notabres» cobizan ire ó Concello. Rídevos dos que falan de «menos política e mais ademistración». Estes candidatos «administrativos» son moi perigosos. Son os que, c'unha folla

de parra queren, adimitando ós salvaxes, cobrيره seu nuo desexo de medro. Rídevos tamén dos burros serios que se chaman amigos do orde, erixíndose en defensores noxentos do statu quo do desorde ordeado.

Hai por diante, n'as eleicións, que s'aveciñan, un preito de dinidá civil, que é o mesmo que dicire de civilización. Aqueles que reperesenten o civilismo, son os primeiramente amigos nosos, agora.

Votade ós que non teñan pautos c'os partidos do turno. Os que reperesenten, ben ou menos ben, unha disciplina rexional que non recibe de Madri consellos nin sirve d'escada pra rubir á Meseta na busca de favores. Votade ós que nas horas d'abalamento renovadore son fitados coma inimigos e postos tral-os ferros das prisións. Aos que encarnan á rebeldía, a santa rebeldía nai do progreso, pol-a que ten a humanidade historia.

Dicidelles os «notabres»; dicidelles ós candidatos «administrativos» que minten. Digidelles que denantes que o economismo está o idealismo, e que perfe ribre resulta pr'ós señores morales, sere libres n'un pobo probe que fartos n'un pobe escravo. Digidelles que é millor que haxa un Municipio defeutuoso pro pechado pr'ós oligarcas servidores dos caciques de Madri, que un Municipio seicionado en taifas, onde un feixiño de concexales rife a cotío con outro feixiño de concexales. Que é millor unha unidade pecadora no que lateca o esprito da libértá, que unha variedade anárquica. Unha maoría—xaimista ou re-

pubricana—denantes que moitas cativas minorías, gassetistas unhas, garcipretistas outras, datistas, besadistas, que a conta da acta municipal intenten faguer unha ganzáa pró seu medro, na que atópase a marca do cuneirismo.

Xa que os nazionalistas non podemos ainda ire ó abranguemento de postos no Concello, cumpramos un outo deber de cidadanía, axeitado ó noso credo: recomendando aqueles candidatos mais afíns a nos. Aqueles que mais emparellan co'as nosas arelas, sintetizadas n'ista frase: «Galicia pr'ós galegos puros, sexan da dereita ou da esquerda.»

A. VILLAR PONTE.

O MILLOR SAÚDO

Verbes de Xose Ortega Gasset

«Samente baixo o xeito de rexión inflúe a terra sóbor do home. A configuración, a escultura do chan, poboadas das suas prantas familiares, e sóbor d'ila o ar húmido ou enxeito, diáfano ou bretemoso, é o gran escultore da humanidade. Com'a y-auga dálle á pedra, pingota a pingota, sua labranza. Eisi o peisaxe modela sua raza d'homes, pingota a pingota, e dicire, costume a costume. Un pobo, no primeiro termo, resulta un repertorio de costumes. As xenialidás momentáneas que n'el prodúzanse, samente amañan un perfil. Data por data, a xeografía contemporánea vai concedendo maior importancia á idea de «rexión natural». Pode dicirse que xa chegou a sere o fenómeno mátriz da observación xeográfica. Un arcanxo que dea seus vós pol-os velleiros siderás, ollará o chan coma un astro; mas para o home, o chan coma un astro ten de sere unha abstracción física. Isto mesmo que chamamos España é unha abstracción política e histórica. Non colle d'ila unha imáxe axitada; pra repersentalas temos que afacermos c'o símbolo e a alegoría que son construcións mentales. E, pol-o mesmo, xa que España é unha construción mental nosa, influímos mais nós n'ila que ila en nós. Cara a todas isas entidades abstrautas, a rexión natural afirma su calidá real d'unha maneira moi sinxela: meténdonos pol-os ollos. Da rexión poderemos tere unha imáxe visual e viceversa; samente é rexión, samente é unidade xeográfica real, aquela parte do Praneta cujos caracteres típicos poden achárense persentes n'unha soia olleada.»

(Iste anaco tomámolo do libro *Nacionalismo galego* do noso irmán A. Villar Ponte. Ningún saúdo millor pró novo filósofo. Eisi amostremos que os nacionalistas vimos seguindo a cotío os xeitos culturás dos mestres, sin agardar, pra conocelos, que persoalmente nos falen, coma fan os «siñores ben» da Cruña. Xosé Ortega Gasset sinte xenreira contra da vella política. É único caso de «antixenroeracia».)

VERBES DOS MESTRES

Un artigo que debera ser moi leido

«¿Pode a lingua galega, contribuíre a erguer o estado económico da nosa rexión? Ao meu xuício, si; orientándoa francamente deica un fin esencialmente prático e otorgando á especulazón literaria o papel ben determinado d'istrumento de cultura, no senso mais lato da verbe. D'outra maneira sucederálle en pequeno o que lle sucedeu en grande á nosa fachendosa literatura nazional que se desarrolou en gurgulla d'auga de xabón froito d'unha presa de sabios, notabilidades, eminenzas, etc., etc., nomeados e consagrados por eles mesmos, ó tempo qu'a nazón perdendo total-as suas colonias e con elas o derradeiro anaco do seu prestixio político, pasaba ó derradeiro prano pol-a sua mariña mercante e militar, pol-o seu comercio exterior, pol-a sua riqueza coleutiva, etcétera, e colocábase n-unha triste situazón pol-a falla d'hixiene e moral púbricas, o pauperismo, a criminalidade, etc.

Pra qu'o linguaxe galego poida exercer unha influencia decisiva sobre d'autividade económica da rexión é perciso que conquira o mais axiña e mellor posibre os elementos d'as crases traballadoras, insiñándolles a pensar e traballar e non a soñar e a cantar como a nosa literatura nazional de rotativo, é perciso, igualmente, qu'entre trocada no xeito d'obras centíficas no ban d'os nosos homes cultos e no laboratorio d'os nosos investigadores.

Si conocera d'abondo o galego e estivera no caso de tratar d'erguere con él o espírito e a riqueza rexional, escomenzaría por escolleitar na literatura agrícola francesa e ingresa d'os derradeiros 25 anos, na que hai obras sumamente intresantes, aqueles traballos que me somellaron mais axeitados á nosa economía rural e, traducidós en pequenos folletos, lles donaría a maior difusión posibre entre o noso elemento labrego. Buscando eisi, ó mesmo tempo, loitar contra a perversión e pol-a extensión do linguaxe rexional, e á vez infruíndo ó labrego con ideas sans e prácticas, en lugar de deixalo na inorancia completa ó meterlle na cabeza agronomía d'acaparadores de trigo e zootecnia de criador de toureo de lidia.

O Goberno inglés c'o nome d' *Special Leafets Board of Agricultura and Fisheririas* publicou algunhas milleiras de follas en pequenos folletos de total-as custióis que relacióanse c'os intreses da economía rural espallándoos a oito antr'a crase agrícola. O espírito e a práctica d'algunhas d'estas follas viñan ós labregos galegos com'o anelo ó dedo.

Trataría de buscare entre as obras centí-

ficas portuguesas, orixinales e traducidas, o millor e mais axeitado pr'ás nosas crases inteleutuás e daríalles gran publicidade e faría que s'atoparan nas millores librerías da rexión. D'acordo co'as casas impresoras de Portugal estudaría a maneira de traducir ó galego algo dos millores traballos de ciencia pura e aplicada conforme se produzan n'outras linguas.

En fin, trataría d'amstrar a tod'o mundo, que a rexión galega percisa unha autonomía económica completa pra poder desenrolar toda unha forza de produción pra creare riqueza de que é suscetible, prescindindo por completo do estadismo e do espírito santo do noso centralismo e até do seu linguaxe.

Si o galego ten de salvárese da fatal decadencia qu'o ameaza con faguelo desaparecer axiña, será reaccionando á veira d'un renacemento económico rexional; será obrando coma istrumento do noso progreso material. D'outro xeito caería n-un estado de caricatura somellante á do noso *cavismo* nazional. Non esquezan os rexionalistas galegos qu'a agricultura catalana marcha á cabeza d'agricultura española e o seu progreso débeo todo ós elementos rexionales, ó linguaxe catalán no primeiro lugar.

O renacemento do galego, si tal renacemento é posibre, atopará na literatura oficial da Meseta un fero enemigo, á vez que terá que loitar c'o lixugamento orixinal do prestixio qu'aquela ceibou derriba d'él, nomeándoo *lenguaje de mosos de cuerda*. Unha boa parte do atraso da nosa rexión deita percisamente d'ise eterno papel de mozo de corda qu'atribúiesenos e obrigásenos a faguer, non soio nas rúas de Madrid, qu'é o de menos, sinón deica nos ministerios e na coleutividade nazional, onde como rexión táchase nos do pior.

Por isto soio apoiándose derriba do progreso centífico estranxeiro que lle dará espírito ergueito e prestixio humano e sóbor do progreso económico rexional que lle dará forza social d'independenza nacional, o linguaxe galego poderá abrírese camiño e chegar a un xeito apreciable, froitífero.

Despois de todo non perdamos de vista que ó paso que vai o progreso dos pobos de lingua ingresa e o estado en que vainos deixando o toureo e o quixotismo nacional, todo fai supoñer que ista rexión será n'unha data non lonxana unha especie de *centro de gravedá* do desbordamento de vida e de progreso de ditos pobos entre si e hacia Europea e, pol-o mesmo, unha preparación pra millor asimilarmos a sua cultura qu'evi-

tará ós nosos fillos ou ós nosos netos o seren considerados na situación de mozos de corda dentro da nova sociedade, situación que oxe choramos c'os nosos viciños do Nordeste.

O linguaxe galego, coma vehículo do progreso inglés e yanqui, xa que o castelán parez refractario a ilo, emprestaríanos un asiñalado servizo á vez que coroaríase da forza e do prestixio de que oxe carece.

A conduta das Repúblicas hispano-americanas no conflito actual, amosra que a aución das nosas novelas, das nosas zarzuelas, da nosa literatura *rotativa*, sóbor do cal tanto contábase pra atraguernos nosas antigas colonias, dempois d'habelas alonxado a forza de cativos tratos, pesou menos nas grandes revolucións políticas d'orde mundial que as escolas agrícolas do Canadá, os inxenieros americanos e os boletís profesionales ingleses. O galego coma fautor puramente literario non resolve oxe grande cousa; seu valor práctico afínca no que pode rindire coma instrumento de cultura das crasas labregas e coma arma de defensa contra do chulismo e o quixotismo da meseta. O galego podería sere un instrumento útil de progreso ó servizo dos grandes fautores da evolución económica moderna; inspirado somente no ideal estéril da obra d'arte ficaría no mais com-preto ridículo.

No estado atrasado da nosa rexión, o galego terá de sere un meio de progreso ou non será nada. A humanidade xa non ríxese con siloxismos e redondillas; é a caldeira de vapor, o dinamo, o forno elétrico, o rendimento libre das vacas e da hectárea de terra ó que prima; a literatura e o arte en xeneral, veñen logo coma corolarío.»

B. CALDERÓN.

POL-A NOSA MÚSICA

Pra que Galicia, a mais de literatos, poetas, pintores, escultores e arquitectos, poida tere músicos, que universaicen o xenio lírico popular—¡agora que parez chegada a hora d'ó rexurdimento artístico integral!—é precisa unha cousa: que se creñ subenciós pra pensionare no estranxeiro a aqueles rapaces galegos donos de conecimentos musicas que teñen espuntado por isto.

Eisí compretariase a labore dos coros enxebres. Os coros enxebres veñen esprotando a canteira lírica do pobo: desenterrando un riqueza de cántigas.

O día que haxa compositores axeitados pra recollelas e levalas á sinfonía e ó poema sinfónico, impoñeráse ó mundo.

E os temas flamencos deixarán de sere a representación única, coma deica agora, da alma musical española. Pra que eisí aconteza soio fan falla compositores «europeizados». E istes compositores terémolos tan axiña como haxa músicos novos de porveito nas escolas do estranxeiro, sostidos por cartos da terra.

Dica o d'agora, co'as nosas belas cántigas pasa o que co'as nosas mineiras. Que non se poden beneficiare en Galicia.

LEMBRANZAS

Volvéu acó, emigrado
de terras apartadas
entonando as baladas
de vello pescador,
volvéu a sua aldea
que moito fai deixara
e de donde levara
lembranzas d'un amor.

E Voltéu o mariñeiro
d'as prayas feiteiras
ás froreadas eiras
qu'o miraron nacer,
de lares alexados
donde fai moito estaba
y-ainda alimentaba
lembranzas d'un querer.

Volvéu, de terra estrana
sin doces alegrías,
que n'as prayas bravías
sintira palpitar,
e bágoas silenzosas
aló, lexos votara
en onde alimentara
lembranzas d'un amar.

Volvéu á su aldea
e deixou os cramores
de seus mortás doores
nostalxas d'o sufrir
y-as queixas y-as lembranzas
morreron n'o seu peito
porque xa vai afeito
a un antigo vivir:

RICARDO COSTAS MORENO

Vigo, Outono, 1917

POSTALES GALEGAS

MIRAI a nosa xuventude. Ende malinda é aquela xuventude de sapos de que falou o mestre Curros. Inda é unha xuventude abafada na lameira apodrecida e cheirenta da escravitú que l'impón o centralismo. Inda é aquela xuventude escrava e filla d'escravos que leva marcadal-as costas c'o ferro da ergástula. Inda é aquela xuventude sin brúxula cultural que camiña a tortas e a cegas, ás apalpadadas, seguindo o pulo dos pensamentos alleos. Xuventude sin alma e sin fe. Xuventude que lambe e bica o xugo castelán, sempre que fala, co'a inconsciencia d'un autómatas.

Miraina... pra finarvos cheos de vergonza; miraina, decatándobos ben dos seus xeitos, pra que no voso corazón aceso brinquen, como en voo sagro, as musicas da xenreira.

É na vella Compostela, na cabeceira inteleutual de Galicia, onde s'adica a martizoar vacariños pódose en xeito noxentamente chulón, ou ó servizo dos tiráns d'opereta malladores da democracia.

É nos mesmos coros enxebres que cantan en galego e visten á galega, pro falan en castelán.

É nos Ateneos rexionás, onde todol-os temas que s'estudan son estranos. Temas da lua e do modernismo traspírindico.

E nos escritos dos novos literatos mo-

zos inflados coma grobos de xabón, colorizados por unha adxetivación escintileante e ridícula, onde refréxase tod'o de fora, fallando xa non somente ás tradicións galegas senon á mesma sinxeleza dos grandes xenios de Castela.

E nos boletís d'estudantes, onde todo é exótico, cursi, non sintido: romanticismos amorosos, esceas d'unha bohemia que fixo ben nos tempos de Murger. É nas obras teatrás de rapaces galegos, onde todo é falso, rifado co'a realidade, influído por lecturas alleas.

E nos versos somellantes a todol-os versos de todol-os poetas castelás d'oxe...

...Xuventude podre; xuventude de sapos; xuventude que non sinte o momento actual, coma ningún merecente da reflexión e a sinceridade. Xuventude que non logra decatarse que un pobo sin cultura propia, sin alma de seu, desleigado da natureza, é un pobo suicida, un pobo que vai camiño da morte en direitura. Un pobo heticado espiritualmente por un onanismo anímico.

¡E logo dixo Lamartine que non hai corazón de vinte anos que deixe de sere republicano, liberal, nobre, xeneroso, altruista!

Teríamos de chorar, roendo os puños pechados, se non soupéramos que é a nosa vountade como un ferro ardente...

PINTORES D'ALMAS

Comenza por onde acaban
moitos que a pintar se adican.
Non é d'esas que se gaban;
é d'esas que máis se aprican.

E como tén a virtude
da forza da vontade,
cando atope quen o axude
será axiña realidade.

Artista de nacemento
hoxe é unha firme esperanza,
de tan forte valemto
que xa merece loubanza.

Os seus estudos dos pinos
e da muller aldeana
dín os futuros destinos
d'esta mocidade sana.

CONCHEIRO

Será logo un dos famosos,
porque lle sobran arrestos...
Hai que oupalo que é dos nosos,
dos homildes y-os modestos.

Pra ser algo de porveito
abóndalle irse con calma,
pois leva o fogo no peito
e leva o arte na yalma.

Gallegos de lembradía:
Hastra vós esta voz chega...
¡Ahí está un rapás de valía,
xerme de groria gallega!

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

IV

A tristura do enfermo no Outono.

¿Ollas como cán as follas no Outono?
Así van caíndo as nosas probes vidas,
malencónicamente...

E o enfermo ollaba as follas que caían
das árbores, dende tras da fenestra.

Tiña a cór amarela di'las.

Alumeábanl'os ollos, entr'as violetas das
olleiras.

Foi morrendo o día, e o probe do enfermo,
cando xa era noite, comenzou á chorar...

¡Ai, a tristura do enfermo no Outono,
qu'adiviña o misterio da morte!...

O! as follas, van caíndo as áreas roxas da
sua clepsidra hermética...

V

A casa e mail-o pino.

No medio do horto froldo, a casifa al-
deá...

E cal un niño de paxaros.

Pergueito, o pino fermoso e baril que
ten nas ramas unha lira eólica...

Nas noites de inverno, cando o vento anda
á bruar e ten a furia dos lobos famentos,
os qu'arrodéan a lareira da casa, quedan
caladiños pra ouir os contos de medo e as
consellas misteriosas, que di o pino...

E cando o bica soavemente o vento, hai
n-il unha armoñía máxica e queixosa...

Mesmamente, o seu bruar, parece que
xume dos difuntos.

O pino, fermoso e baril, é como un xu-
glar qu'adicase a sua melodía interior ó ceo
enfermo d'azul...

EVARISTO CORREA CALDERÓN.

POEMAS SINXELOS

I

O camin que se perde na serra.

¡Camiño branco! ¡Camiño branco!

Ti que rubes pol-a serra com'unha cobra
¿a onde me levarías?

Levaríasme até o monte, onde oubean
os lobos na invernia ou até unha cibdá de
ensono?

¿Pr'onde vas?

¿Ou es com'eses peregrinos que non saben
pr'onde camiñan, que chegan á pobos des-
conecidos sin saberen como se chaman?

¡Camiño branco!... Ti es como todol-os
camiños da Vida; lévasnos á Delor e á Mor-
te e á ledicia do Amor... Ti lévasnos ó
Ideial...

II

A lus lonxícuas.

Ei, lus lonxícuas que parpadexas trémola-
mente, ¿eres unha estrela ou unha bágoa?...
¡Ouh, o encanto das cousas lonxícuas!

Ti, lus lonxícuas, o mesmo poderías sere o
fitar d'unha meniña acesa e bruxa ou o brillo
escentilante d'unha pelra...

Así, todal-as cousas.

¡E ó mellor, a lus lexana, que é xoya i-es-
trela na nosa ilusión, é a lus d'un candil que
está morrendo latexante!...

¡Ouh, o encanto das cousas lonxícuas!

III

O cantar d'un grilo.

Canta, irmanciño.

Ti tés a vountade.

Ti es incansable com'o sapo do camiño
e com'a rà da lameira.

Ti tés a lira sinxela, d'unha soia corda,
i-en troques, o teu cantar e bruxo.

Por iso é mais dino de louba que do
papo-rubio, que dos aureoles, que do reiseñol,
porque tes unha soia corda, namentras eles
teñen todal-as cordas d'armoñía...

Canta, irmanciño, canta...

TRECHOS HISTÓRICOS

O centralismo antepatriótico

Verbes do malfinado Alfredo Brañas

ALÓ van! Son 1.200 estudantes que des-
arréntanse das aulas e deixan suas fa-
mílias pra verter o sangue de seu na defensa
d'España vendida por Godoy, por Cal-
ros IV, pol-o Consello de Castela, pol-a
Xunta Central... ¡Os invasores! ¡Bô!... millor
houbera sido botar fora ós canallas. Teríase
aforrado aquel sangue que tingeu de berme-
llo as campías d'Espinosa e as orelas do
Tormes! Nosos denantepasados coidaron
que a patria estaba en Madri e na praza
d'Ourense.

O patriotismo d'oxe non é, *endemal*,
com'o d'onte. O d'oxe consiste en arreche-
garse ó sol que *mais quente*. A Xunta Su-
prema e a Corte de Calros IV enxerguían

que trocare de dinastía e de domiñación era
cousa doada e natural, com'o enxergueron
dimpois Prim, Zorrilla, Sagasta, Monteiro,
Romero Robledo e moitos máis, ó deixaren
os Borbós por Amadeo de Saboya, tan es-
tranxeiro coma Pepe Bonaparte, por onde
s'olla que o mesmo da pr'ó caso sermos
afrancesados coma *italianizados*.

De canto escribiron sóbor da guerra da
Independenza o conde Toreno, Chao, La-
fuente e outros, dedúcese un feito impor-
tante: que cando a patria-Estado está en perigo
de perdérese e de sere conquerida por xen-
te estrana, a salvación non depende nin das
Cortes, nin dos Consellos Supremos, nin
dos reis, nin dos grandes centros consti-
tuídos en capitaes da nación. Madri pertencen

déu entregare España, a un centro extranxeiro; non o pobo, senon o Madrid vagamundo, oficial, postizo. Consta que o mesmo Fernán VII axeitábase c'os *afrancesados* madrileiros e achábase moi gustante en Valencey. Pra honra nosa, a historia contemporánea di que Galicia foi a primeira, na xuntanza d'Asturias e a Montana, que iniciou o erguimento nacional contra dos franceses. Aquí xurdiron os grandes guerrilleiros Sinfiriano López, *Cachafeiro*, os peisanos de Cotovad, a división do Miño, os estudantes compostelás; eiquí os capitás ilustres: o Marqués da Romana, D. Xoaquín Blake; eiquí os Conselleiros leás e dinos: D. Pedro Quevedo, bispo d'Ourense; eiquí, en fin, os soldados, mais valentes, según confesión do mesmo lord Wellington, o xeneroso aliado d'España e admirador de Galicia.

Que facían nosos gobernantes no 1808? Onde estaba o poder central? Que forza tiña a capital que zugaba nosos cartos, nosos soldados, nosa vida administrativa e nosa riqueza territorial? Pra defendere España habíanse organizado as rexións. N'elas samente latexaba o sentimento da dinidade nacional. O centro foi conquistado e *afrancesado*. As rexións coaxuntadas constituiron n'aquelles tristes días a *copatria española*. Os estudantes compostelás de 1808 representaron dinamente a xuventude galega. A bandeira, foi levada trunfalmente en sanguiñentos combates, erguendo o nome de Galicia e da Universidade compostelán ô outo curuto da inmortalidade gloriosa...

À LOITA GALEGOS

ESTASE sufrindo en España unha conmoción interna tan intensa qu'è perciso de toda necesidade, chegado o momento da erupción que avecíñase a toparnos confundidos en apertado feixe capaz de facer co-el unha muralla que sirva pra conter esa forza que mais que «lava» é unha masa imbecil de negligencia dos inxeñeiros que de tempos acó ostentan a dirección do chamado «Estado Central.»

Moi razonadamente di «Perrier» na sua obra *La vida en los Planetas*: As ideas teñen unha resistencia sorprendente: Poden estar adormecidas durante séculos, às veces inmediatamente despois do seu nacemento, logo rebelarse súpetamente, erguerse fortes e puxantes, aprópiarse axiña de gran número de espíritos, e sementar antr'os que resistense a ademitilas, profunda axitación; tal está ocorrendo n-estos momentos ô reconecer que o derrumbamento do centralismo e inevitabile, e apréstanse a loitar ôs «bos e xenerosos» pra salvar da catástrofe a nosa sempre aldraxada rexión.

Abondo levamos na testa o selo ignominioso da escravitude: Abondo tamén amostremos o estado incoscente que magoaba os nosos ollos; mais chegou a hora en qu'as nosas concencias iluminadas por un sol resplandecente, fáganos dirixir total-as aitividades a libertarnos das inxusticias (anque

por eles non de bon grado) pola forza da nosa identificación rexionalista.

E os que aínda sintindo arelas de liberdade seguides permanecendo indiferentes à «boa nova» dispoñerbos pra entrare nas filas dos que c'unha elevación de miras, fillas do século, pertenden deixar coma legados ôs nosos sucesores unha patria redenta cal nós non tivemos; d'este xeito seremos dinos de loubanza; d'outro, autorizamos a nosa proxenie pra maldecirnos.

Salvemos pois, a nosa persoalidade como nazon deica o de agora tan asoballada e escarnecida, como dina de mellor sorte.

RAMÓN SÁNCHEZ VALIÑO.

A Cruña, 20 de Outono de 1917.



NOVAS DA CAUSA

EN Mondoñedo, coma consecuencia do notable discurso pronunciado no homenaxe a Veiga pol-o noso querido irman Lois Pena Novo, organizouse unha «Irmandade da Fala».

Forman o consello d'ela: D. Eduardo Lence Santar e Guitián, cronista da cidade,

4) FOLLETON DE «A NOSA TERRA»

CERTAME DE «MARUXA»

Ramón Cabanillas, poeta da raza

(APUNTES PRA UN ESTUDIO)

de do enxebrismo co'a cultura, dóuse de cheo, de xeito integral, à doce e gloriosa lingua nativa. Sua musa foi galega pol-a forma e pol-o fondo; no galego esquirbeu prosas literarias e políticas, de xeito moderno, e hastra seu meio de comunicación particulare cos seus coterraños, foi e sigue sendo o idioma materno.

Quen sinteu eisi o imperativo categórico da raza, o berro esgrevio da Natureza? Ninguén, d'os gloriosos tempos antigos nos que o galego—iste doce idioma en que ô Rei Sabio pregaba que lle cantasen na hora derradeira da sua vida—fillo direito do latín, pai do castelán, trunfaba coroándose de loureiros aristocráticos, nas Cortes e nas Xustas.

Pro isto sería pouco, inda que dino de loubra, si a Ramón Cabanillas non o alumeease o Xenio, mas o Xenio chantóulle sua pouta d'água na y-alma, pra facelo fillo escolleito das musas.

Mais fecundo que os precursores, que os mestres tidos por insuperabres—lembraivos de que está imprentando cinco libros—gánalles na variedá, na universalidá, na craridá—ouxetividá, din os parnasianos—e no moderno senso do paisaxe.

Non é, con todo, un poeta illado, exótico, que difréciese dos outros soio por un xeito modernista accidental. Cabanillas lembra ôs vellos, pois coma iles leva ô verso a y-alma rexional ô través da sua propia y-alma. Ten algo de todol-os precursores e hastra recreíase às veces, glosandoos de maneira lexana en formosos *ritornellos*. Pro ten mais que os precursores, porque ten moito de seu, aristocratizado, sotilizado no alambique do novecentismo. E eisi debeu un poeta mais compreto, poeta que logo de beber as augas do horto da poesía dialcutal e de bicar as raíces da arbre da raza, voa lixeiro pra conquistar o nome de poeta latino. È o poeta mais compreto, xa que leva no celebró unha visión íntegra do porvir da sua patria, sendo coma ponte entre os bardos do primeiro renacemento e os que xurden do d'agora.

Dende logo Cabanillas resulta o mais refinado dos nosos poetas rexionales, o que

vendo no galego un idioma, quere erguelo coma tal, peitando pol-a sua simplificación e modernización.

Nos versos do autor de *Vento Mareiro* apreciase a nobre afania de facer unha lingua «actualizada» com'a catalana e a portuguesa. Ô longo d'eles non podería atopar o P. Blanco, si vivira, o labrego cantor que descubreu en Lamas Carballal. Tampouco o vate dos jail e dos jeil de que falou Rodrigo Sanz, refiríndose a Rosalía e a Curros. Pondal foi noso primeiro «raro» no senso en que empregaba iste termo Rubén Darío. Cabanillas é o primeiro poeta «nacional» de Galicia, coma fórao Verdaguer de Cataluña.

* * *

Non podemos facer mais que lixeirismas indicaciós, pois d'outro xeito resultaría mui longo iste traballo, merecente d'ampliación repousada.

Ante nos están abertos os libros *No Desterro* e *Vento Mareiro*. Están tamén as poesías que Cabanillas publicou nos diversos xornás e que agora sairán nos seus novos libros.

Quixéramos ensaminala unha por unha, quixéramos comparalas con outras dos mes-

Conselleiro primeiro; D. Dodolino Trigo, teniente alcalde e xornalista, Conselleiro segundo; Anton Maseda Romero, abogado e licenciado en Letras, Segretario; Xosé M.ª Rego González, propietario e banqueiro, Vicesegretario; Xorxe González Redondo, propietario e fabricante, Tesoureiro, e Xosé Polo, Xosé Ramón, López Díaz e Anton Ferreiro, comerciantes, vocás.

A nova «Irmandade» xa conta con moitos socios.

* * *

En Baralla (Lugo) e en Mellide (Cruña) tamén veñen organizándose sendas «Irmandades». D'entrambos pobos, recibimos cartas garimosas, latexantes de enxebriemento.

E de Corme, dinnos: «Temos a grande satisfacción de pôr no coñecimento de vostedes que, dende oxe queda constituída n'iste pobo unha nova «Irmandade» disposta a secundare en todo as nobres e lexítimas aspiracións das compañeiras, precursoras d'isa nova Galicia, forte e democrática que xa escomenza a'lentarse n'un fato de pre-

dileutos fillos da terra que forman as «Irmandades».

* * *

En Ourense un feixe de bós galegos que capitanea un douto catedrático, teñen mentes de sumárense ô noso movemento redentor.

Imos d'éisito en éisito. Xa falaremos de todo isto con mais vagare. ¡Adiante, adiante!

* * *

O próisimo día 3 de San Martiño ás oito da noite dará no local da Academia Galega a súa anunzada conferencia, noso bon irmán santiagués e culto catedrático D. Luis Porteiro Garea.

Pr'o sábado seguinte, dará outra noso Conselleiro segundo D. Antón Valcárcel, a qu'ê agardada con moito intrés pol-os irmáns, lembrándose d'aquela outra maxistral que cò nome d' *O municipio galego*, imprentamos i-espallamos entr'os nosos moitos lectores.

EN MONDOÑEDO

HOMENAXE Á VEIGA

Fai once anos que finou Veiga o insigne autor d'Alborada. Facía cinco o 20 d'iste mes que seus gloriosos restos foron levados ô seu pobo natal (Mondoñedo).

O pobo mindoniense quixo unha vez mais honrar a memoria do seu fillo ilustre, facerse merecente da outa gloria de haber sido berce do músecos mais galego que na Galicia houbo.

O coro *Cántigas da terra* d'ista cidade, que inda nado onte xa recibiu o bibe dos trunfos definitivos, lembrándose da súa gloriosa estirpe, de que foi Veiga mestre e precursor d'iste rexurdimento artístico, quixo tamen xuntar seus entusiasmos ôs entusiasmos mindonienses, pra rendirle ô gran músecos un homenaxe dino e solemne.

O 22 pol-a tarde, dempóis de conquistar garimosos aprausos na fermosa vila de Villalba, chegou o coro *Cántigas da terra* á cidade mindoniense. O pobo enteiro agardaba-o, sendo súa entrada unha entrada trunfal que honra ô culto pobo mindoniense.

Dempóis d'unha Velada enxebre, feita no teatro, onde o coro conquiriu un gran trunfo, e onde Mondoñedo manifestou sere un pobo fundamente galego, â mañan do día seguinte foi o homenaxe á Veiga no cemiterio. Todal-as autoridades, total-as crases alí estaban; homenaxe grande, homenaxe que honrando á Veiga, honrou á Mondoñedo. O Sr. Alcalde leu unhas fervorosas

cuartillas ateigadas de amore á Galicia e â Cruña, súa capital como él lle chamou. O persidente do coro, o gran poeta D. Eladio Rodríguez, noso irmán, dixo unhas breves sinceiras i-elocuentes verbes de agradecimento á Mondoñedo, de garimosa lembranza pra Veiga, de intenso amore pra Galicia. O xornalista D. César Seco leu unhas admirabres quartillas—coma total-as suas—do médeco Rodríguez, aderíndose ô acto. En representación das «Irmandades» falou noso irmán Peña Novo co-a evanxélica enteira que sempre pón nos seus verbes. Nós non podíamos faltar n'ise homenaxe porque Veiga foi o autor do hino rexional galego, hino que ficaba esquencido, e nós, os irmáns da fala fixemos o milagre de resucitalo, levámolo âs multitudes e cò noso exemplo erguemos un verdadeiro moimento vivente, un moimento vibrante e patriótico â súa lembranza. Falou dempóis o Sr. Xuez, fillo da Cruña, que foi moi gabado pol-os seus sinceiros e oportunos verbes. Rematou o acto cò hino rexional, cantado pol-o pobo enteiro que o cantou cheo de fe i-entusiasmo.

Os diversos coros e coledividades artísticas de Mondoñedo contribuíron cò seu fervore â solemidade do acto.

Mondoñedo con tal homenaxe fixo manifestación solene do seu galeguismo. Actos

así deben repetírense á cotío. Da maneira que a fe relixiosa acentúase co-a fe ôs santos, o amor â terra axigántase cò amor ôs seus fillos bós e xenerosos. Os galegos que cò seu valer e seu enxebriemento votaran os cimentos da Galicia nova que xurde, son os santos que debemos honrar cò exemplo d'un patriotismo aceso e vixilante. Sua exemplaridade é sempre fecunda. N'iste caso foimais qu'en ningún. O calor do entusiasmo que o homenaxe á Veiga despertou en Mondoñedo â mocidade d'aquel pobo, quixo que non romatase todo d'unha maneira lírica. Deuse conta de que o tempo dos lirismos acabouse. Hoxe hai que aportar â vida práctica total-as enerxías das almas mozas. Quixeron facerse dinos do mestre que alumeou a i-alma mindoniense còs resprandores trunfais da súa Alborada, símbolo d'unha nova gloriosa época. Cheos d'entusiasmos, con fe rexa, con decisión eficaz, fixemos unha nova «Irmandade», novo viveiro de patriotas sans. Moi ben rapaces mindonienses. Nosa mais grande embora. Ise é o millor homenaxe que pudéstedes faguer en honor ô noso mestre. Eisí se fai. Ise é patriotismo; isa é a maneira de dar eficacia práctica â fe que alumea nosos corazóns galegos. Sodes dos nosos. Recibide pois noso saúdo d'irmáns, d'irmáns uncidos por santos ideaes. E recibide con aqueles verbes que son un ideal, un programa, síntesis do noso santo amore a Galicia, aqueles verbes meigos, evanxélicos con que nos saúdamos sempre os que levamos unha lâmpa na i-alma, e no peito unha esperança: rapaces mindonienses: ¡Terra a nosa!

POR TERRAS BRIGANTIÑAS

MITIN NAZONALISTA

As tres e meda do serán do derradeiro domingo do comenzo o mitin orgaizado pol-as Irmandades de Ferrol e a Cruña, no Teatro Alfonsetti d'aquela cibdá, persidindo o enxebre mestre nazonal D. Francisco Vales, e figurado representazós dos irmáns ferrolans e cruñeses.

Co-unha lumerosa concurrencia na que figuraban homes de difrentes ideías, ben coñecidos na bela cibdá brigantina, comenzou o auto fagundo a presentazón dos oradores o o entusiasta Sr. Vales quen pronunciou estes sentidos verbes:

Cidadans: Eu cro, e vosoutros comigo, que, n-este caso, fogan as presentacións. O distinto fato d'intellectuás galegos que dinase vir hoxe a este antigo e decote nobre pobo, é ben coñecido de todos pol-as suas rexas e honradas empañas rexionalistas dendes d'a tribuna e d'o libro, dendes d'o folleto e d'o xornal. Son os verdadeiros

apóstoles d'a redención galaica; os que saben onde está a raíz d'o mal que consom'a Terra Nosa, a doencia qu'henche todol-os seus bentos membros de noxenta podredume; son os sans d'esprito, os qu'arrolan no berce d'o seu peito a arrecendente frol d'a sinceridade. a branca azucea d'a pureza de sentimentos; os que non temen ô ridículo nin ô que dirán das persoas valeiras de senso común; n'unha verba, son os homes que nos fan falla.

«O pobo que recrama a súa liberdade, a ninguén ofende», dixo non fai moito o eminente e baril nacionalista catalán, señor Cambó. «A liberdade d'os pobos non vai contra de ninguén. Soyo poden ofendérense, por iso, os tiráns ou os criados dos tiráns.» ¿Por qué, pois, Galicia, esta mai amorosa, non ha de conquistar a súa santa independencia, en mal hora roubada? ¿Qué razón hai pra que non poida botar de si o peso d'a homillante escravitú? ¿Por qué este sagro rincón, chan de fidalguía, con todo de seu: costumes, tradicións, raza, múseca, é n-especial, lingua, «ese idioma, compendio d'os idiomas», según fermosa fras de Curros, ha d'ollar, pasivo, com'o malfadado prantigrado d'o centralismo esnaquiza, reventa a súa divina persoalidade?...

Rapaces, chegou a hora; é preciso aprobeital-a ocasión. O crarín chámanos á loita, e ¡ay! d'aquel que se faga o xordo.

Oyamos, pol-o tanto, con relixiosa fe, ôs valentes paladís d'a outa causa—a quenes saúdo con tod'o agarimo d'a miña y-alma nova—, e sigámoslos, na seguridade de que moi presto nos levarán á tan desexada vitoria, pesi'os desleigados y-os cativos de co razón.

DIXEN.

Aito siguido falaron o Sr Quintanilla pol-a Irmandade de Ferrol, e os Sres. Vilar Ponte (D. Antón), Peña Novo e Valcárcel pol-a da Cruña. Foi tanto o entusiasmo qu'esperaron entr'os ouventes, que dempois de terminado o auto, quedóu constituída unha Ir-

mandade, da que moito agardamos pol-os valentes i-enxebres irmans que compoñen o Consello, e que loitarán con fe pol-os nosos ideíás.

E unha mais pr'aumentare ás moitas que xa eisen. ¡Adiante, bós e xenerosos galegos, adelante!



Peneirando...

Dixo *El Día* de Madri que hai encarceados n'Ourense 48 agrarios contra dos que non s'atopou culpa algunha.

Di, tamén, que suspéndense municipios n'aquela provincia, como nos millores tempos de Romero Robledo.

Os caciques de Bugallal queren gañar as eleicións.

Os caciques de Bugallal, ministro da Fazenda, que consinte que un irmán de seu sexa nomeado Fiscal do Tribunal de Contas.

Agora espriçámonos pol-o que, Benavides no *Diario de Orense*, protestaba, cheo de xenreira, contra da vida de Cambó a Galicia.

¿Si Benavides é pasante no bufete de Bugallal! E arela faguer carreira política de xeito xenrocrático.

Vaites, vaites.



En troques, os agrarios d'Ourense com'os de Pontevedra, agardan a vida de Cambó á nosa terra cheos de lidicia.

Os xornás d'aquelas provincias, orgos do agrarismo, falan da futura porpaganda catalana con fondo entusiasmo.

O *Heraldo Guardés* adica a isto un artigo latexante de esprito cidadán. Un artigo que ergue os corazóns.



Un fato de inteletuás galeguistas ten mentes d'ire a Barcelona c'o ouxeto de dar aló

algunhas conferencias sóbor de cousas galegas, dimpois das eleicións municipaes.

Seguidamente virán a Galicia os parlamentarios bascos e catalás mais sinificados.

E enton, Galicia, xa desperta, poñerase en pe.



As concrusiós da Asambreia de Parlamentarios engayoláronnos a y-alma.

Son com'o cemento da nosa España. Hai quen di que deveñen n'unha antigualla. Pro ¿por qué sendo antigualla, moitos políticos do vello réximen teñen coidado de metelas nos seus porgramas *novisimos*.



Iso do ibero-americanismo, que ten por cabezoleiro a Rodríguez Sampedro, non nos colle no miolo.

Iso d'un xantar ô ano e unha veladiña; iso de arrotos elocuentes n'unha data fixa, pareznos ridículo e estéril.

Quen non viveu nunca n'as Américas, pode crêr n'iso. Quen fala e non pensa, tamén.

Nós, rímonos. O ibero-americanismo soio viría c'unha gran Iberia. ¿E donde atopades iso?

Ocúrresenos unha pregunta: concedes e Centro Americanista da Cruña?

Din que o hai. Pro hai que ollalo con catalexos multiplicadores, pra que un soio homiño apareza como moitos.

D'outro xeito, ¡malpocado!

Imos camiño de conquistar á América con artigos com'o de *A B C* sóbor do moimento a Máximo Gómez.



Caeron do Poder isas somas de gobernantes que se chaman Dato e Sánchez Guerra. A Historia poñerayos n'un pozo mouro. Son políticos que cheiran.

LIT. E IMP. ROEL-CORUÑA.

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Telef. 434

NOVO LIBRO

Da Terra

asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en todas as librerías e na adeministración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

DE CALZADO

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 — A Cruña

BALDOMIR

Pórase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL**H. LA PALOMA**

DE

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Ponte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

Farmacia da Silva

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva - A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

VALLE DE MONTERREY - Ourense

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Baner, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

| | |
|--------------------------------------|--------------|
| Prezo en terceira â Habana | Ptas. 298'60 |
| » » Veracrús. | » 313'60 |

Facilítanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.